

PARTICIPACIÓN LABORAL, POLÍTICA, ECONÓMICA E SOCIAL DAS MULLERES EN EUROPA E EN NORTEAMÉRICA

MARÍA DEL CARMEN GUISÁN SEIJAS¹
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 28 de setembro de 2010

Aceptado: 29 de outubro de 2010

Resumo: O obxectivo deste estudo é analizar os factores que explican a presenza das mulleres na vida laboral, económica, política e nas organizacións sociais en España e noutros países de Europa, de Eurasia e de América. Para isto utilizamos indicadores das Nacións Unidas relativos á igualdade de xénero e outros indicadores relacionados co nivel educativo da poboación e co desenvolvemento económico. Tamén analizamos a insuficiente presenza das mulleres nos medios de comunicación e noutros ámbitos sociais onde aínda hai fortes restricións á igualdade de oportunidades, e destacamos a necesidade de impulsar políticas que contribúan á vez a mellorar o benestar social e a igualdade de xénero, así como a participación feminina no liderado social.

Palabras clave: Igualdade de xénero / Participación laboral e económica das mulleres / Mulleres e postos de decisión política e social / Mulleres nos medios de comunicación / Mulleres e liderado social.

WOMEN'S PARTICIPATION IN LABORAL, POLITICAL, ECONOMICAL AND SOCIAL ACTIVITIES IN EUROPE AND NORTH AMERICA

Abstract: The aim of this study is to analyze the factors that explain the presence of women in working life, economic, political and social organizations in Spain and other countries in Europe, Eurasia and America. For this purpose we use indicators of the United Nations on gender equality and other indicators related to educational level of population and economic development. We also analyzed the insufficient presence of women in the media and other social areas where there are still severe restrictions on equal opportunities and we highlight the need to promote policies that contribute simultaneously to improve social welfare, gender equality and the female participation in leadership in social leadership.

Keywords: Gender equality / Employment and economic participation of women / Women in political and social institutions / Women in the media / Female participation in social leadership.

1. INTRODUCCIÓN

A análise das relacións entre desenvolvemento económico, educativo e social levou á autora deste estudo, e a outras persoas estudosas do desenvolvemento e do benestar, a analizar a incidencia deses factores na calidade de vida.

É importante subliñar o papel positivo que o aumento do nivel educativo ten sobre o desenvolvemento económico e social, a igualdade de oportunidades para as mulleres e a calidade de vida. A autora deste estudo publicou no período 1975-2010 numerosas investigacións internacionais sobre o impacto da educación no de-

¹ Algúns contidos deste traballo foron presentados no XXIV Congreso de la Asociación de Economía Aplicada Asepelt-España, que tivo lugar en Alacante no mes de xuño do ano 2010, como relatorio seleccionado. A autora agradece a positiva acollida do traballo no dito Congreso. Tamén lle agradece ao equipo de econometría da USC (<http://www.usc.es/economet>) e á Asociación Hispalink Galicia (<http://hispalinkgalicia.blogspot.com>) a súa colaboración nesta liña de investigación. O equipo agradece a axuda da Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia para a realización de estudos sobre o tema de igualdade de xénero en Galicia, en España e en Europa.

senvovemento, tanto a nivel individual coma en estudos realizados en equipo, estando as máis recentes relacionadas cos efectos positivos da educación sobre diversos indicadores de calidade de vida, incluíndo os que se refiren á igualdade de xénero.

É moi importante mencionar que os indicadores de igualdade de oportunidades para as mulleres sempre deben ser analizados tendo en conta os seus efectos sobre a calidade de vida, tanto das mulleres coma do conxunto da sociedade. O maior interese está en conseguir que as sociedades sexan máis libres, equilibradas e felices, e que nelas as mulleres poidan desenvolver un papel activo na vida laboral, económica e social en igualdade de oportunidades cos homes. A igualdade na pobreza e na falta de oportunidades non é o obxectivo, senón a igualdade no acceso a unha vida de calidade.

Na sección 2 preséntase un panorama internacional dos índices de participación feminina, desenvolvemento e nivel educativo, que mostran que os países con maior nivel educativo de toda a poboación (tanto de mulleres coma de homes) son en xeral os que presentan uns maiores niveis dos indicadores de igualdade de oportunidades para as mulleres. Na sección 3 analizamos os temas da presenza feminina en cuestións de liderado, toma de decisións e medios de comunicación. Constátase en diversos estudos que, malia un certo nivel de integración das mulleres europeas e norteamericanas en niveis medios de decisión, existe unha forte resistencia ao ascenso de mulleres capacitadas a niveis elevados de liderado e de toma de decisións. Nese sentido destacamos a importancia que ten o concepto de liderado excepcional de Zenger, e os efectos positivos que ten para a calidade de vida de toda a sociedade promover que as mulleres con capacidade e con liderado nese sentido teñan oportunidades de influír positivamente no desenvolvemento. Outra conclusión importante desta sección é a conveniencia de que as organizacións interesadas na igualdade de oportunidades para as mulleres intenten superar as barreiras existentes nos medios de comunicación. Na sección 4 analizamos algunhas das principais relacións entre nivel educativo, igualdade de xénero e calidade de vida, tendo en conta os resultados dos modelos econométricos de Guisán (2009c, 2010). Neste sentido puidemos constatar un impacto positivo do incremento da participación das mulleres na vida económica, política e empresarial sobre o indicador de igualdade de renda do traballo das mulleres, así como o impacto positivo que o aumento da igualdade de oportunidades para as mulleres ten nos indicadores de calidade de vida e no desenvolvemento económico e social. E por último, na sección 5 resumimos as principais conclusións deste estudo.

2. ÍNDICES DE PARTICIPACIÓN FEMININA, DESENVOLVEMENTO E NIVEL EDUCATIVO DA POBOACIÓN

A táboa 1 presenta indicadores de desenvolvemento económico, nivel educativo e indicadores de igualdade de xénero en trinta e tres países de Europa, de Eurasia e de Norteamérica.

Táboa 1.- Indicadores de participación feminina e desenvolvemento educativo e económico

Nº	PAÍS	PIB pc	Escolaridade	Eduh	IPX	wpol	wtec	wman	wrinc
7	Austria(1)	35.537	10,32	1.702	74,80	26,60	48,00	29,00	40,00
11	Bélxica	33.399	9,96	830	84,10	36,20	19,00	31,00	52,00
16	Bulgaria	10.529	7,32	200	60,50	21,70	62,00	62,00	66,00
21	Canadá	36.260	10,16	1.425	82,90	24,90	56,00	36,00	65,00
32	Croacia	14.729	7,46	427	62,20	20,90	51,00	26,00	69,00
33	Rep. Checa	22.953	8,49	584	65,00	16,00	53,00	29,00	60,00
34	Dinamarca	34.905	10,02	2.311	88,70	38,00	53,00	25,00	74,00
40	Estonia	19.327	7,77	521	65,50	20,80	68,00	34,00	63,00
42	Finlandia	33.324	9,49	1.454	89,20	41,50	35,00	30,00	72,00
43	Francia	31.625	9,71	1.336	78,00	19,60	48,00	38,00	62,00
45	Alemaña	33.181	10,17	1.075	85,20	30,60	50,00	38,00	61,00
47	Grecia	26.928	8,94	530	69,10	14,70	49,00	27,00	53,00
52	Hungría	17.894	7,99	614	58,60	11,10	61,00	37,00	67,00
56	Irlanda	41.036	9,91	1.371	72,70	15,50	52,00	31,00	58,00
58	Italia	28.682	9,89	1.102	73,40	20,20	47,00	33,00	49,00
62	Kazakhstan	10.259	6,45	203	52,40	12,30	67,00	38,00	68,00
68	Letonia	16.317	7,53	402	64,40	20,00	64,00	41,00	67,00
71	Lituania	16.659	7,46	483	61,40	17,70	71,00	40,00	72,00
72	Macedonia	8.350	6,85	297	64,40	31,70	51,00	27,00	49,00
78	México	13.307	6,80	439	60,30	22,10	42,00	27,00	42,00
86	Holanda	36.956	10,37	1.353	87,20	37,80	50,00	27,00	66,00
91	Noruega	49.359	11,41	2.104	91,50	36,10	50,00	33,00	79,00
98	Polonia	15.634	7,68	484	61,80	18,00	61,00	35,00	60,00
99	Portugal	21.169	8,81	1.004	74,10	28,30	51,00	33,00	61,00
100	Romanía	10.750	7,22	167	50,00	9,60	57,00	30,00	70,00
101	Rusia	13.873	8,12	251	54,40	11,50	64,00	39,00	63,00
107	Eslovaquia	19.342	7,84	432	63,80	19,30	58,00	28,00	59,00
108	Eslovenia	26.294	8,85	924	62,50	10,00	56,00	33,00	62,00
110	España	28.536	9,61	880	82,50	33,60	48,00	32,00	53,00
112	Suecia	34.090	9,75	2.082	92,50	47,00	51,00	32,00	84,00
113	Suíza	37.581	10,56	1.351	82,90	27,20	46,00	31,00	66,00
124	UK	33.717	9,71	1.403	78,60	19,60	47,00	35,00	70,00
125	USA	43.055	10,70	1.627	76,90	16,60	55,00	42,00	64,00

PIB pc: Produto Interior Bruto *per capita* no ano 2007, expresado en miles de dólares a prezos e paridades de compra do ano 2005.

Escolaridade: Nivel educativo: anos de escolaridade da poboación maior de 25 anos, no ano 2004.

Eduh: Gasto educativo por habitante medido pola media anual do período 1995-2005.

IPX: Índice de Potenciación de Xénero, incluído nos informes da UNDP sobre desenvolvemento humano, tamén denominado *IPX*; a súa denominación en inglés é “*Gender Empowerment Measure*”, indicador de empoderamento das mulleres, cuxo valor se aproxima a 100 en caso de igualdade cos homes. Calcúlase a partir dos indicadores *wpol*, *wtec*, *wman* e *wrinc*.

wpol: Porcentaxe de participación feminina en postos políticos (*women in politics*).

wman: Porcentaxe de participación feminina en dirección empresarial (*women in management*).

wtec: Porcentaxe de participación feminina en traballos técnicos (*women in technology*).


wrinc: Cociente entre os ingresos laborais de mulleres e homes (*women ratio of income*).

NOTAS: (1) No caso de Austria, a comparación con outras fontes estatísticas indica que pode haber unha infravaloración tanto en *winc* coma en *IPX*, como se indica en Guisán (2009c). (2) O número que figura na primeira columna corresponde á orde alfabética destes países no conxunto de 132 países do estudo de Guisán (2009c), e é o número que figura nas gráficas de Guisán e Aguayo (2010).

FONTES: Guisán (2009) e Guisán e Aguayo (2010) con base nos seguintes indicadores: a) *IPX*, indicador de igualdade de xénero da UNDP; b) *PIB per capita*: Banco Mundial (expresado en miles de dólares segundo prezos e paridades de poder de compra do ano 2005); c) *Escolaridade* no ano 2004: estimación propia provisional do número medio de anos de escolaridade da poboación maior de 25 anos, baseada en datos de Barro e Lee para o ano 1999 e na evolución estimada para o período 1999-2004; d) *Gasto educativo público* (media anual do período 1995-2005: elaboración a partir de datos do Banco Mundial).

As gráficas 1 a 3 mostran, respectivamente, as diferenzas entre os países da táboa 1 nos indicadores de participación feminina *IPX*, *wpol* e *wrinc*.

Gráfica 1. Índice de participación feminina *IPX* en Europa, en Eurasia e en Norteamérica



NOTA: O número de orde dos países é o que figura na táboa 1.


Os países da táboa 1 cun maior índice de igualdade de poder feminino, segundo o indicador *IPX*, superan o valor de 90 e son Noruega e Suecia. Séguenlle os países cun valor do *IPX* comprendido entre 80 e 90: Canadá, Dinamarca, Finlandia, Alemaña, Holanda, España e Suíza. O seguinte grupo –entre 70 e 80– inclúe Austria, Francia, Irlanda, Italia, Portugal, Gran Bretaña e Estados Unidos. Entre 60 e 70 están Bulgaria, Croacia, República Checa, Estonia, Grecia, Letonia, Lituania, Macedonia e México. Os menores valores –por baixo de 60– corresponden a Hungría, Kazakhstan, Romanía e Rusia.

Un maior índice *IPX* non significa necesariamente un maior nivel de benestar e de oportunidades para as mulleres, xa que en países máis desenvolvidos como Gran Bretaña e Estados Unidos as oportunidades de desenvolvemento profesional e de influencia social son para moitas mulleres moito máis elevados que en países con menor nivel de desenvolvemento aínda cando, por cousa das características dos sistemas electorais británico e estadounidense, o indicador de participación das mulleres no poder político formal sexa menor, e isto determine un menor valor do indicador *IPX*.

Os países máis destacados da gráfica 2 son Suecia, Finlandia, Dinamarca, Holanda, Bélxica e Noruega. España ocupa un lugar destacado neste índice de participación política formal, pero aínda ten uns índices baixos na presidencia de comisións políticas e noutras formas de exercer poder real de decisión política.

Neste sentido, hai que sinalar que o índice de participación política das Nacións Unidas só é un índice de participación política formal e, aínda que é importante, non revela plenamente a participación política das mulleres, pois nalgúns sistemas electorais coma o español é relativamente fácil incrementar a porcentaxe de mulleres nas listas electorais, pero é máis difícil que estas mulleres, aínda que teñan unha gran valía, alcancen postos de poder real nos comités executivos dos partidos, na presidencia de comisións parlamentarias e noutras comisións que adoptan decisións importantes. É máis, pode ocorrer que mesmo as mulleres con maiores capacidades sexan relegadas en moitos casos, mentres que mulleres con maior docilidade ao poder masculino sexan promovidas a postos de aparente poder.

Gráfica 2.- Índice de participación política formal *wpol* (en % de mulleres)




NOTA: O número de orde dos países é o que figura na táboa 1.

Os países que máis se aproximan á igualdade salarial media de mulleres e homes son Suecia, Noruega, Dinamarca, Finlandia e Lituania. España sitúase nun nivel bastante baixo, lixeiramente por riba do 50%.

Os indicadores de participación política e empresarial feminina das Nacións Unidas só miden unha parte do avance das mulleres na toma de decisións neses ámbitos, pero os indicadores relativos á presenza en altos niveis de toma de decisións mostran porcentaxes do 10% –ou inferiores– para a participación feminina tanto a nivel empresarial coma político e social.

Gráfica 3.- Porcentaxe da renda salarial media feminina respecto da masculina *wincr*100*



NOTA: O número de orde dos países é o que figura na táboa 1.

3. LIDERADO, TOMA DE DECISIONS E MEDIOS DE COMUNICACIÓN

A táboa 2 presenta datos seleccionados de EWL (2010) sobre a participación das mulleres europeas na toma de decisións e a súa relación coa prensa.

Zenger e Folkman (2002), e outros expertos, presentan unha análise interesante sobre o liderado, que ten relevancia para a participación das mulleres, e que insiste na calidade das canles de comunicación. Segundo esta perspectiva, a toma de decisións nas organizacións sociais e económicas segue un proceso interno no que a calidade das canles de comunicación ocupa un lugar esencial, de forma que as iniciativas que lideran as reformas e os avances da sociedade dependen en gran medida da capacidade dos líderes executivos para detectar e apoiar as iniciativas interesantes que emerxen da base dos seus equipos o da contorna dos seus asesores. Así, a participación feminina na toma de decisións en partidos políticos e organizacións

non só depende de que aumente o número de mulleres en postos executivos ou de representación, senón tamén de que eses postos executivos teñan responsabilidades adecuadas á capacidade de decisión das mulleres directivas e de que as canles de comunicación internas e externas da organización permitan unha comunicación eficaz.

Táboa 2.- Datos do European Women's Lobby sobre participación das mulleres

MULLERES NA TOMA DE DECISIONS	
1)	35% dos membros do Parlamento Europeo
2)	23% dos membros dos parlamentos nacionais
3)	33% dos comisarios europeos
4)	22% dos membros dos gobernos nacionais
5)	3% dos presidentes das maiores empresas
6)	9,7% dos membros dos consellos de administración das 300 principais empresas europeas
7)	5-15% de empresas de alta tecnoloxía
8)	Só presiden o 10% das universidades en 16 países europeos
9)	9,3% dos postos de alta dirección na industria de telecomunicacións
MEDIOS DE COMUNICACIÓN	
1)	Hai 4 homes por cada muller que consegue aparecer nos medios da UE
2)	As mulleres son a referencia central das noticias só no 10% do tempo
3)	6% dos expertos e 14% dos locutores de noticias
4)	10% dos políticos nas noticias son mulleres. En Italia e Portugal, só o 2%
5)	Nas noticias europeas as mulleres identifícanse tres veces máis que os homes en función do seu estatus familiar
6)	Só 1/3 das personaxes de TV e cine
7)	2-9% do tempo dedicado a deportes
8)	27% dos profesionais que aparecen nos anuncios e 60% das personaxes que aparecen realizando traballo doméstico
9)	O 85% dos anuncios mostran aos rapaces fóra do fogar, mentres que as rapazas aparecen máis do 50% do tempo dentro do fogar
10)	As mulleres representan o 79% dos presentadores televisivos menores de 34 anos e no conxunto de presentadores maiores de 50 anos só o 7%

FONTE: Tradución do informe EWL (2010).

A participación das mulleres na vida política e social dos Estados Unidos e doutros países aumentou en diversas formas, aínda que presenta problemas en moitos casos. No interesante estudo de Benoit (2009) analízase a participación das mulleres nos *lobbies* empresariais e sociais que intentan influír na política norteamericana. Destaca que a porcentaxe de mulleres se sitúa en torno ao 50%, aínda que en moitos casos as súas actividades están encamiñadas cara a lograr os fins de interese para empresas máis que a defender os seus puntos de vista. Máis interesante é en moitos casos a súa actividade relacionada coas organizacións filantrópicas e sociais.

O gran número de asociacións e organizacións filantrópicas existentes nos Estados Unidos propicia que moitas mulleres poidan desenvolver a través delas iniciativas de interese social, aínda que tamén tropezan con dificultades, coma en Europa, debido á escasa difusión sobre estas actividades das mulleres nos medios de comunicación e ao escaso acceso das mulleres a postos de toma de decisións en numerosas comisións e organismos que exercen un poder social real.

En relación coa escasa presenza das mulleres na prensa e na televisión de Europa e de Norteamérica, é moi interesante citar o seguinte parágrafo:

“A creación de grandes conglomerados de medios converteuse en regra en Canadá, en Estados Unidos e en Europa Occidental. A propiedade dos medios concentrouse, con menos empresas a cargo de máis recursos, e tamén a converxencia dos mesmos intereses na prensa, na radio, na televisión e en internet, onde se combina a propiedade do contido (por exemplo, xornais, estacións de televisión e portais) coa do soporte dese contido (as imprentas, os sistemas de transmisión e as redes telefónicas con ou sen cable). Oito de cada nove dos grandes conglomerados dos medios no mundo teñen a súa oficina central en Europa ou en América do Norte.

De que maneira esta tendencia afecta ás mulleres? Ademais de abandonar o seu papel como custodios públicos dun recurso público, tamén se abandonou a «doutrina da equidade» que require que os emisores provean un mínimo de noticias de interese público. Isto leva a unha situación na que existe moi pouca regulación, ou case nada, que se basee nos estándares requiridos pola comunidade. Para empeorar as cousas, a lexislación de accións afirmativas existente, que alentou as estacións de radio a mostrar unha preferencia pola propiedade a cargo de mulleres, foi deixada de lado, o que baixou o número de mulleres donas de radio desde aquela.

No ano 1997, a revisión da Acta de Comunicacións (que aumentou o número de emisoras que pode ter unha soa compañía) favorece os grandes medios comerciais (especificamente na televisión) para a localización de frecuencias e para a competencia comercial polas frecuencias. Isto contribuíu a que os prezos das estacións de radio e de televisión se elevaran máis alá das posibilidades dos pequenos e medianos emisores. As mulleres que posuían emisoras, polo xeral pequenas, ou orientaban as súas políticas ou pereceron, obviamente, nesta loucura do avance dos monopolios e dos conglomerados.

Unha vez que os conglomerados teñen o control dos medios, as mulleres ocupan o último lugar nas súas preocupacións. «Suponse que o medio está, como ferramenta de comunicación, no centro do vínculo entre o emisor e o receptor», di Joelle Palmiere, do grupo feminista especializado en medios «Les Pénélopes».

O Proxecto de Monitoreo Mundial dos Medios de Comunicación 2000 demostra que en Europa, onde as mulleres foron o 19% dos suxeitos das noticias, a súa exclusión das noticias «duras», como a política europea, non pode explicarse pola falta de oportunidades” (Informe sobre Europa e América do Norte, de Karen Banks e Sharon Hackett).

Outros ámbitos de interese respecto da participación das mulleres son o ámbito sindical, as organizacións académicas, as publicacións científicas, os consellos consultivos e outros órganos nos que aínda con frecuencia atopan dificultades para lograr canles de participación adecuadas ás súas capacidades.

Seoane (2009) presenta información de interese sobre a participación das mulleres nas organizacións sindicais, e Köehler (2008) indica que a participación das

mulleres na Confederación de CC.OO. era do 31%, con 9 mulleres dun total de 29 membros, e en UXT do 46,2%, con 6 mulleres dun total de 13 membros. Varios estudos sobre a incorporación das mulleres nas estruturas sindicais mostran a persistencia de actitudes diferentes e de problemas entre a cultura sindical e as aspiracións vitais das mulleres. Así, algúns informes indican que o horario das reunións, os desprazamentos, as formas tradicionais presenciais de traballar, as comidas, as ceas e as reunións nos bares, etcétera reflicten unha cultura sindical masculina distante dos estilos de vida femininos, sobre todo se teñen que compatibilizar a súa actividade sindical co coidado dos fillos e coa atención á súa familia.

Os datos do Instituto da Muller, e outros estudos, poñen de manifesto o baixo nivel da presenza de mulleres en círculos de forte orientación de poder masculino, tanto no sector público coma no sector privado, como as reais academias, os órganos de goberno das universidades, o Consello Escolar do Estado, os comités, os consellos de administración de diversos organismos e outros. Moitos destes problemas de España tamén se presentan noutros países.

4. RELACIÓNS ENTRE NIVEL EDUCATIVO, DESENVOLVEMENTO E IGUALDADE DE XÉNERO

A táboa 3 mostra o coeficiente de correlación lineal entre o indicador de igualdade de xénero *IPX* e algunhas variables da táboa 1.

Táboa 3.- Correlación lineal de *IPX* con *PIB pc*, *nivel educativo* e *wpol*



<i>PIB pc</i>	<i>eduh</i>	<i>Escolaridade</i>	<i>wpol</i>
0,8535	0,8613	0,8624	0,8244

NOTA: As variables están definidas na táboa 1.

Observamos unha alta correlación positiva do indicador de igualdade de xénero co nivel de desenvolvemento económico e educativo, así como co nivel de participación política das mulleres. Hai, ademais, outros factores políticos que teñen unha grande influencia non só no indicador de igualdade, senón tamén na mellora nos indicadores de benestar das mulleres, como son os referentes á efectividade do Goberno e á voz dos cidadáns.

As gráficas 4 e 5 mostran a gran correlación positiva que existe entre o nivel educativo, o desenvolvemento económico e o indicador de igualdade de xénero *IPX* nos 33 países de Europa, de Eurasia e de América que figuran na táboa 1.

En xeral, o aumento do desenvolvemento económico e educativo propicia un maior nivel dos indicadores de voz dos cidadáns e de calidade do Goberno, como se analiza en Guisán (2009) e noutros estudos, e a mellora destas variables contribúe a aumentar a igualdade de oportunidades das mulleres e os indicadores de benestar. Ademais, o traballo e as iniciativas das mulleres tamén contribúen de forma importante a aumentar o desenvolvemento económico e social.

Gráfica 4.- Igualdade de xénero e nivel educativo**Gráfica 5.-** Desenvolvemento e igualdade

O nivel educativo da poboación mostrou unha influencia socioeconómica positiva desde os traballos pioneiros de Denison (1967) e doutros autores. Neira e Guisán (2002) e Guisán e Neira (2006) analizan importantes efectos positivos –directos e indirectos– da educación sobre o desenvolvemento económico. Guisán (2009) mostra que eses efectos inclúen unha influencia positiva sobre a calidade da organización política e a efectividade do Goberno e sobre a igualdade de xénero.

Os modelos econométricos estimados en Guisán (2009) e en Guisán e Aguayo (2010) poñen de manifesto o impacto positivo do nivel educativo e do indicador de calidade política “voz dos cidadáns” sobre o indicador de igualdade de xénero *IPX*.

Aínda que outras variables teñen algún tipo de influencia, consideramos que o nivel educativo da poboación (especialmente cando non hai diferenzas substanciais entre homes e mulleres neste indicador) e o indicador de calidade do Goberno denominado “voz dos cidadáns” no banco de datos de Kaufman *et al.* (2008) son os que máis inflúen.

Os ditos modelos econométricos tamén mostran que o indicador de calidade de vida de Marks aumenta co nivel educativo, coa efectividade do Goberno e co indicador *IPX* de igualdade de xénero. Outra conclusión interesante dos ditos modelos é que os indicadores *wpol*, *wman* e *wtec* da táboa 1, xunto co nivel educativo e co indicador de calidade política “voz dos cidadáns”, mostran un impacto positivo sobre o indicador de igualdade salarial *wincr*.

5. CONCLUSIÓN

Os indicadores de igualdade de xénero das Nacións Unidas supoñen unha información interesante para avaliar a participación das mulleres na vida política,

empresarial e laboral, pero é importante complementar esta información con outros indicadores relativos á presenza de mulleres altamente capacitadas na toma de decisións neses ámbitos e na vida social. Os países da táboa 1 cun maior índice de igualdade de poder feminino, segundo o indicador *IPX*, superan o valor de 90 e son Noruega e Suecia. Un segundo grupo está formado polos países cun valor do *IPX* que está comprendido entre 80 e 90: Canadá, Dinamarca, Finlandia, Alemaña, Holanda, España e Suíza. O terceiro grupo –entre 70 e 80– inclúe Austria, Francia, Irlanda, Italia, Portugal, Gran Bretaña e Estados Unidos, e no cuarto grupo –cun índice entre 60 e 70– están Bulgaria, Croacia, República Checa, Estonia, Grecia, Letonia, Lituania, Macedonia e México. Os menores valores –por baixo de 60– corresponden a Hungría, Kazajstán, Romanía e Rusia. O caso de Austria pode estar algo infravalorado, como se comenta na nota da táboa 1.

Os indicadores complementarios dispoñibles mostran poucas oportunidades para as mulleres con capacidade de liderado para impulsar o desenvolvemento político, económico e social. A súa presenza é inferior ao 5% en moitos ámbitos de interese neste sentido, e é desexable que os teitos de cristal e as barreiras de aceiro se vaian abrindo para que todas as persoas –homes e mulleres– con capacidade de liderado poidan impulsar iniciativas de interese social.

Unha das barreiras máis importantes para a participación das mulleres no liderado social, no sentido amplo de Zenger, é a falta de visibilidade nos medios de comunicación e noutros informes das iniciativas femininas para o desenvolvemento social. Consideramos que as organizacións feministas interesadas neste tema poden contribuír de forma importante a superar estas barreiras.

A participación feminina na toma de decisións en partidos políticos e organizacións non só depende de que aumente o número de mulleres en postos executivos ou de representación, senón tamén de que eses postos executivos teñan responsabilidades adecuadas á capacidade de decisión das mulleres directivas e de que as canles de comunicación da organización sexan receptivas ás iniciativas de diversos membros da organización con igualdade de oportunidades para as mulleres.

Os datos analizados mostran o importante impacto que o nivel educativo da poboación ten sobre o incremento da igualdade de xénero e sobre a voz dos cidadáns, e o de ambas as dúas variables sobre os indicadores de desenvolvemento económico e de calidade de vida.

BIBLIOGRAFÍA

- BANKS, K.; HACKETT, S. (s.d.): *Informe sobre Europa y América del Norte*. (http://guiagenero.mzc.org.es/GuiaGeneroCache/Pagina_PlanifGenero_000104.html).
- BENOIT, D. (2009): *The Best Kept Secret. Women Corporate Lobbyists, Policy and Power in the United States*. Rutgers University Press.
- DENISON, E.; POULLIER, J.P. (1967): *Why Growth Rates Differ (Postwar Experience in Nine Western Countries)*. Washington, D.C.: The Brookings Institution.

- CÁCERES, J.I.; ESCOT, L.; FERNÁNDEZ CORNEJO, J.A. (2003): “La evolución de la segregación ocupacional de la mujer en España (1994-3001)”, *XVII Reunión Asepelt*. Almería
- EWL (2010): *European Women’s Lobbying Press Briefing* (03/03/10). (<http://www.womenlobby.org>).
- GOLDIN, C.; KATZ, L.F. (2001): “The Legacy of U.S. Educational Leadership: Notes on Distribution and Economic Growth in the 20th Century”, *American Economic Review*, 91 (2) (May), pp. 18-23. American Economic Association.
- GUISÁN, M.C. (2009a): “Educación, calidad del gobierno y desarrollo económico en América, Europa, África y Asia”, *Estudios Económicos de Desarrollo Internacional*, 9 (2) (<http://www.usc.es/economet>).
- GUISÁN, M.C. (2009b): “Government Effectiveness, Education, Economic Development and Well-Being: Analysis of European Countries In Comparison With The United States and Canada, 2000-2007”, *Applied Econometrics and International Development*, 9 (1). (<http://www.usc.es/economet>).
- GUISÁN, M.C. (2009c): “Quality of Government, Education and World Development: An Analysis of 132 Countries, 2000-2007”, *International Journal of Applied Econometrics and Quantitative Studies*, 6 (2). (<http://www.usc.es/economet>).
- GUISÁN, M.C. [coord.] (2010a): *Igualdad de género, desarrollo económico y calidad de vida: análisis de indicadores de Europa, América, África y Asia*. (Libro editado en colaboración con Asociación AHG, e cuyo contenido está resumido *online*).
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2010): “Calidad del gobierno, capital humano, igualdad de género y calidad de vida en Europa y América”, *Congreso de la Sociedad de Economía Mundial (SEM 2010)*.
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E. (2010b): “Índices de igualdad de género y desarrollo en Europa y América”, en M.C. Guisán [coord.]: *Igualdad de género, desarrollo económico y calidad de vida: análisis de indicadores de Europa, América, África y Asia*.
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E.; EXPÓSITO, P. (2001a): “Economic Growth and Cycles: Cross-Country Models of Education, Industry and Fertility and International Comparisons”, *Applied Econometrics and International Development*, 1 (1), pp. 9-38. (<http://www.usc.es/economet>).
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E.; EXPÓSITO, P. (2001b): “Education and World Development in 1900-1999. A General View and Challenges for the Near Future”, *Applied Econometrics and International Development*, 1 (1), pp. 101-110. (<http://www.usc.es/economet>).
- GUISÁN, M.C.; FRÍAS, I. (1997): *Economic Growth and Social Welfare in the European Regions*. (Working Paper of the Series Economic Development, núm. 9). (Free Downloadable). (<http://www.usc.es/economet>).
- GUISÁN, M.C.; NEIRA, I. (2006): “Direct and Indirect Effects of Human Capital on World Development, 1960-2004”, *Applied Econometrics and International Development*, 6 (1). (<http://www.usc.es/economet>).
- GYGI, J. (2005): “An Interview with John H. Zenger on Extraordinary Leadership”, *Journal of Leadership and Organizational Studies* (on line). (<http://www.allbusiness.com/human-resources/employee-development-leadership/417994-1.html>).
- MARTÍN, C. (2004): “La mujer en el mercado de trabajo”, *XIV Reunión Asepelt-España*. Oviedo.
- KAUFMANN, D.; KRAAY, A.; MASTRUZZI, M. (2008): *Governance Matters VII: Governance Indicators for 1996-2007*. (World Bank Policy Research Working Paper, 4654). (http://papers.ssrn.com/sol3/papers.cfm?abstract_id=1148386)

- KÖHLER, H.D. (2008): *Los sindicatos en España frente a los retos de la globalización y del cambio tecnológico*. (Documento de trabajo, 142/2008). Fundación Alternativas.
- LEE, J.W.; BARRO, R.J. (2001): "Schooling Quality in a Cross-Section of Countries", *Economica*, 68 (272), pp. 465-488. London School of Economics and Political Science.
- MARKS, N.; SIMMS, A.; THOMPSON, S.; ABDALLAH, S. (2006): *HPI Index*. NEF Foundation.
- NEIRA, I. (2007): "Capital humano y desarrollo económico mundial: modelos econométricos y perspectivas", *Estudios Económicos de Desarrollo Internacional*, 7 (2). (<http://www.usc.es/economet>).
- NEIRA, I.; GUISÁN, M.C. (2002): *Modelos econométricos de capital humano y crecimiento económico: efecto inversión y otros efectos indirectos*, (Spanish). (Working Paper of Economic Development, 62). (<http://www.usc.es/economet>).
- NEIRA, I.; VÁZQUEZ, E.; PORTELA, M. (2009): "An Empirical Analysis of Social Capital and Economic Growth in Europe (1980-2000)", *Social Indicators Research*, 92, pp. 111-129.
- PORTELA, M.; NEIRA, I. (2002): "Capital social: concepto y estudio econométrico sobre el capital social en España (Spanish)", *Estudios Económicos de Desarrollo Internacional*, 2 (2). (<http://www.usc.es/economet>).
- SEOANE, P. (2010): *Participación de las mujeres en la negociación colectiva*. (<http://www.e-mujeres.net/blog/pilar-seoane-vazquez>).
- SHARPE, A. (1999): *A Survey of Indicators of Economic and Social Well-Being*. (Paper for the Canadian Policy Research Networks). Centre for the Study of Living Standard.
- UNDP (2009): *Human Development Indices: A Statistical Update 2008: Gender Empowerment Measure (GEM)*. United Nations Development Programme.
- ZENGER, J.H.; FOLKMAN, J. (2002): *The Extraordinary Leader: Turning Good Managers into Great Leaders*. New York: McGraw-Hill.